

## Jean-Jacques Rousseau (Idade Moderna. Ilustración. Séc. XVIII )

Un dos temas principais da obra de Rousseau Discurso sobre as orixes e os fundamentos da desigualdade entre os homes é o contraste entre o home salvaxe e primitivo, que vivía en estado natural, e o home civilizado e artificial, é dicir, o home dexenerado no seu contacto coa sociedade. O home natural era bondadoso e levaba unha vida pacífica, libre e solitaria. As dificultades de subsistencia levárono a ter que reunirse en sociedade. As primeiras sociedades humanas de homes salvaxes aínda conservaban as características do estado de natureza primixenio: os homes vivían libres, en igualdade e conservaban a bondade innata, a saber, un sentimento de compaixón polo sufrimento dos seus semellantes.

O *estado natural* do que fala Rousseau non debe entenderse como un estado que de feito se dera algunha vez na historia, senón máis ben como unha hipótese, ou suposición, que como unha especie de norma ou criterio permítenos coñecer como é en si mesma a natureza humana, para axustar ás súas esixencias o ordenamento social futuro (que aparecerá en Do Contrato Social). Como di no prólogo ao Discurso sobre a orixe e os fundamentos da desigualdade entre os homes:

“Esta condición natural é un estado que xa non existe, que quizais nunca existira, e que probablemente non existirá xamais, pero do cal é necesario ter ideas para xulgar ben acerca do noso estado presente.”

Coa aparición da sociedade civilizada xurdiron todos os males que padecemos actualmente, isto é, a desigualdade e a servidume. A civilización é a orixe de todo o que no home é antinatural: a desigualdade, a inxustiza, o egoísmo e a violencia. A causa principal da corrupción da sociedade e da dexeneración da natureza humana orixinal radica na instauración da propiedade privada e a transformación do poder lexítimo en poder arbitrario.

Por estas razóns, para Rousseau o progreso social (tema ilustrado por excelencia) debe, curiosamente, entenderse como un *retorno ao estado natural* do home. Isto é, ante a situación de corrupción da sociedade, o pensador ilustrado propón unha volta ao estado primitivo, como se o progreso consistise nun retorno ás orixes. Evidentemente, isto non significa disolver a sociedade, senón ordenala, ou reconstruíla, de acordo con principios que son naturais no home: a liberdade, a fraternidade e a igualdade.

Todo o pensamento de Rousseau está construído sobre o esquema do paso do estado de natureza ao estado de sociedade, co proxecto utópico dun regreso ao primeiro sen abandonar o segundo (abandonalo sería xa imposíbel) nunha nova comunidade política republicana.

Repasemos os elementos esenciais da súa filosofía política:

- a) **O estado de natureza:** O home salvaxe, natural e primitivo vivía illado imaxina Rousseau: non posuía unha sociabilidade natural (en contra da opinión de Aristóteles) nin vivía en guerra permanente (en contra de Hobbes). Era o bo salvaxe: autosuficiencia relativa, inocencia natural, conmiseración polo sufrimento dos seus semellantes, bondade innata, igualdade, liberdade.
- b) **O paso ao estado de sociedade ou civilización:** Fai ao home infeliz, desigual e malvado. Atácase a idea de progreso na que cren firmemente os outros ilustrados, como Immanuel Kant. Xurde a sociedade lentamente para que os homes poidan asegurar mellor a súa supervivencia. Nas primitivas sociedades, o home salvaxe aínda feliz, libre, igual e bondadoso. Pero conforme evolucionan

as sociedades e se fan máis complexas, pérdese a liberdade e xorden as desigualdades no momento en que se establece o dereito de propiedade privada xunto coas autoridades e institucións para salvagardalo. A sociedade é un engano: os homes únense crendo defender aos débiles, pero de feito, non defenden máis que os intereses dos ricos e poderosos. Nacen as diferencias entre ricos e pobres, poderosos e débiles, amos e escravos.

- c) **Regreso a unha sociedade segundo as esixencias naturais**: O primeiro paso é a transformación do individuo mediante a educación. O programa do Emilio, ou da educación, obra dedicada a cuestións pedagóxicas, basease na bondade innata do individuo, a inmersión na natureza, a non transmisión de prexuízos culturais (como a moral e a relixión) e o individualismo. De feito, Emilio educase só (co seu mestre), descubrindo por se mesmo o mellor da cultura. Programa educativo, sen dúbida utópico, que critica a educación ilustrada que se asenta sobre a transmisión dun vasto saber enciclopédico.

O segundo paso consiste na transformación da sociedade. Rousseau consagra ao estudio da nova sociedade a súa obra Do contrato social, un dos pilares sobre os que se asenta a democracia moderna. A súa idea principal basease en que na nova sociedade hai que “encontrar unha forma de asociación que defenda e protexa con toda a forza común a persoa e os bens de cada asociado e, pola cal, cada un, uníndose a todos, non obedeza máis que a se mesmo e permaneza, deste modo, libre como antes.”

Trátase dun novo xeito de pacto social que devolva ao home a liberdade, a igualdade e a fraternidade do estado natural, pero sen deixar de pertencer á sociedade. Non é un contrato de cada individuo con cada individuo (Hobbes), senón do individuo coa comunidade (e á inversa). O pacto social asegura a liberdade e a igualdade de todos como cidadáns dun Estado republicano. Créase así, a vontade xeral, que non é caprichosa ou arbitraria nin se confunde tampouco coa suma das vontades egoístas dos particulares. Todo o contrario, a vontade xeral é unha vontade que quere o interese de todos e que busca o ben común. Por iso, cando obedecemos a vontade xeral, a nosa liberdade non sofre ningunha perda. A comunidade política republicana dálle aos cidadáns unha liberdade superior a aquela que desfrutaban en estado natural. Así, pois, esta nova sociedade está rexida pola vontade xeral. Desta vontade xeral proceden as leis. Xurde a soberanía popular: o soberano é a vontade xeral, o pobo, o conxunto da cidadanía. Do pobo proceden as leis; o goberno tan só se ocupa da execución das mesmas. Os gobernos tenden a dexenerar e antepoñen a súa vontade sobre a vontade xeral, pero o verdadeiro soberano é o pobo: “os gobernantes non son os amos do pobo, senón os seus empregados, e o pobo pode nomealos e destituílos cando guste.”

Polo tanto, a soberanía é inalienábel, isto é, non se traspasa ao goberno, senón que este tan só executa o que decida o pobo e pode ser sempre destituído. Os asuntos comúns resólvense na asemblea lexislativa, formalmente constituída e na que cada cidadán exprésase libremente. Deste modo, para Rousseau non hai máis réxime político lexítimo que o republicano: as institucións políticas fundamentais dependen do consenso voluntario de todos os cidadáns, baixo unhas condicións de liberdade e igualdade.

Do Contrato social inspirará aos revolucionarios franceses de 1789, a Tomás Jefferson (autor da Declaración de Independencia dos Estados Unidos de América), a Comuna obreira de París de 1871 e tamén a Marx.